

O NOBELO
DO TEMPO
EN NARÓN

Proxecto de recollida, difusión e reelaboración
de literatura oral popular no concello de Narón

Proxecto ideado e promovido pola Concellaría de Educación do Concello de Narón a través do Servizo de Normalización Lingüística. Servizo subvencionado por:

Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección de Política Lingüística

Deputación da Coruña

Edición: Concello de Narón. Concellaría de Educación.
Servizo de Normalización Lingüística.

Plaza de Galicia, S/N 15405 Narón, A Coruña

Tfn: 981 33 77 00

Depósito legal: C 1844-2013

Deseño e maquetación: Fabaloba

Imprime: Sacauntos Cooperativa Gráfica

Coa finalidade de dar a coñecer parte do patrimonio cultural galego e, máis concretamente, naronés á xente máis nova a Concellaría de Educación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, realizou unha recollida de elementos propios da nosa cultura popular tales como adiviñas, panxoliñas, nanas, contos, lendas, refráns.... Esta recolleita puidémola levar a cabo grazas á colaboración de diferentes persoas que participan nos talleres de memoria realizados en diferentes parroquias do concello (Sedes, Castro, Doso, Freixeiro, Piñeiros, Ferrerías), no Centro Manuela Pérez Sequeiros e na Fundación Terra de Trasantos do Val, así como grazas á participación de numerosas persoas da Asociación Cultural A Areosa de Piñeiros, da Asociación da Terceira Idade de Pedroso e da Asociación de Veciños da Gándara. Ademais, tamén recibimos diversas achegas doutras persoas do concello que tamén quixeron poñer o seu gran de area.

Como sinalamos anteriormente, o obxectivo deste modesto traballo de recolleita é coñecer mellor a tradición oral do Concello de Narón e transmitirla á mocidade, polo que a idea inicial era manter entrevistas con informantes orixenarios do concello, mais temos que sinalar que moitos dos informantes naceron noutros concellos galegos aínda que residen no concello naronés dende hai xa moito tempo. Este feito débese fundamentalmente ao auxe da construción naval nos anos 60 e 70. Por este motivo decidimos indicar o lugar de nacemento das persoas informantes para establecer a súa procedencia.

Debido ás numerosas achegas recibidas tivemos que realizar unha selección dos elementos máis significativos, mais queremos deixar claro que agradecemos de igual maneira o labor e o esforzo de todas as persoas participantes e que todo o material recollido será tido en conta para futuras publicacións.

A continuación mostraremos estas achegas para dalas a coñecer e para tratar de favorecer a transmisión interxeracional da lingua e da cultura galega.

María del Carmen Espada Cortizas
Concelleira de Educación

Limiar	09
Lendas	15
Lendas de santos, de santuarios e da Virxe	15
Lendas de ánimas e agoiros	18
Lendas de mouros, encantos e galiñas de ouro	21
Lenda humorística	24
Contos	27
Contos de cregos e sancristáns	28
Chistes de matrimonios	32
Anécdotas persoais	33
Poesía popular	37
Romances	37
Parrafeos e outros cantos dialogados	41
Cantos de Nadal	44
Arrollos	46
Rimas e xogos infantís	47
Coplas	47
Oracións	54
Adiviñas	54
Refráns e expresións	59
Crenzas e costumes	65

08
09

Moitas das persoas que fixeron posible este libro probablemente non pensaran nunca que os relatos e poemas que o compoñen fosen material para a imprenta. E en certo sentido terían razón. Porque as narracións e poemas que ides atopar aquí son, por definición, patrimonio da oralidade, da voz. É dicir, foron creados para se transmitiren ao vivo, non para seren deitados sobre o papel ou a pantalla.

Porén, estas pezas literarias comparten a mesma finalidade ca a arte ou a cultura escritas; aspiran a ensinar, a emocionar ou a divertir, a facernos unha miguiña felices nun instante, se callar unha miguiña máis lúcidos ás veces.

Foi a secular distinción entre a cultura oral, patrimonio do pobo, e a cultura escrita, propia dunhas minorías máis ou menos ilustradas, a que creou un marco referencial no que a creatividade popular, e polo tanto comunal, aparecía como inferior á “cultura”. Non obstante, estamos certos, cantas escritoras e escritores non envexarán moitos versos e metáforas das que aquí poden atopar.

Cal é a razón, daquela, para pór en tinta o que é aire en movemento? Vemos motivos abondos, demasiados como para citalos todos no breve espazo de que dispomos. Así que imos quedar só co que nos parece fundamental: **unha chamada de atención a dúas bandas.**

Primeiro, a aquelas e aqueles que aínda conservan na súa memoria estas creacións, quen as recibiron de xeito natural e espontáneo, e por iso mesmo non sentiron comunmente a necesidade de lle buscar maior transcendencia a este feito. A estas persoas, pedímoslles que non agochen o seu legado, que o exhiban felices e orgullosos, orgullosos da súa memoria, do seu saber contar ou cantar, do que lles deixaron en herdo os seus e as súas.

10
11

En segundo lugar, un chamamento a quen aínda estamos a tempo de beber da fonte fresca, para sermos conscientes de que non só estamos recibindo contos, lendas ou romances, senón tamén destrezas e capacidades para nos convertermos nós tamén en fonte, porque esa mesma é a esencia da literatura oral tradicional.

Por iso mesmo, o proxecto *O nobelo do tempo en Narón* desenvólvese en dous ámbitos e espazos diferentes: coas persoas maiores por unha banda, na súa gran maioría participantes nos distintos obradoiros de memoria do Concello, e pola rapazada da contorna pola outra.

Concretamente, participou nas actividades destinadas á mocidade o alumnado de primeiro de bacharelato do IES Terra de Trasancos.

A quen se achegue a estas páxinas e sinta interese, despois do que levamos dito xa lle queda claro o noso consello:

busque a esas persoas, ás que agora incluso dan en chamar “libros vivos”, e convértase tamén vostede en elo da cadea. Aquí vai atopar os nomes dalgúns e algunhas delas, veciñas e veciños todos de Narón, aínda que como se comprobará, oriúndos en realidade de moitos outros concellos, maiormente da contorna ferrolterra máis tamén doutras zonas e provincias achegadas. Non esqueza, así e todo, buscar primeiro na súa contorna familiar e veciñal máis próxima. Se quere saber ademais, como soan, contados ou cantados gran parte dos textos que aquí pode atopar, ten ao seu dispor o blog www.ntnaron.wordpress.com, onde atopará as gravacións de gran parte do material recollido polo de agora. Pola nosa banda, na transcripción á escrita das gravacións procuramos ser o máis fieis posible, recollendo a lingua tal e como a recibimos, respectando as interferencias lingüísticas que se dan nalgunhas pezas e, sobre todo na prosa, non aforrando en repeticións nin obviando as pausas, dúbidas ou trasacordos tan propios da narración oral, de maneira que o texto escrito transmita ao seu xeito o aire propio da contada popular.





Panorámica da parroquia do Val, en Narón

14
15

LENDAS

A lenda é un dos tipos fundamentais da narración oral tradicional en prosa. Por regra xeral neste tipo de narracións relátanse feitos de carácter marabilloso, mais o narrador presentaraos como sucedidos na realidade.

LEN
DAS

Para salientar ese carácter de verosimilitude é común que se acheguen indicacións sobre os espazos xeográficos, sempre reais, nos que supostamente aconteceron, así como as personaxes, tamén persoas reais e decote incluso coñecidas ou próximas, que se viron implicadas na historia.

Lendas de santos, de santuarios e da Virxe

- A orixe do dito de San Andrés por Antonia Merlán Castro, Fene.

O Señor repartiu, repartiu os apóstolos, e repartiu a san Andrés para... San Andrés e entón díxolle el:

-Moi lonxe me mandades!

16
17



Procesión en San Salvador de Pedroso, 1954
Fonte: Arquivo Histórico de Fotografías do Concello de Narón

E entón o Señor díxolle:

-Non te preocupes, san Andrés, que o que non vaia de vivo ha de ir de morto.

E efectivamente que así é.

- O óso encantado por Antonia Merlán Castro, Fene

Era un señor que din que lle ía dando patadas a un óso e non podía entrar na igrexa, porque despois deixouno fóra, e entón o cura falando dicía:

-Por que non podes entrar?

-Pois non sei, eu viñalle dando patadas a un óso...

-Por que non podes entrar...

E entón colleu o óso, e daquela si que puido entrar na igrexa, pero antes que deixaba o óso fóra non podía entrar.

- Deixar o loito por Nélida Río Vázquez , Oza dos Ríos

Era da mesma señora, que un día dixo ela... Andaba de loito, moi de loito, que lle morrera o marido moi joven, e tiña un fillo e unha filla. A señora morreu, pero os fillos viven. E entonces, un día, aí no puente, en Santa Cecilia, iba así, toda cuberta de, de luto e díxolle unha señora moi guapa, e lle dixo:

-Por quen leva usté ese loito tan riguroso?

E dixo:

-Por meu home, que me morreu moi joven.

E dixo:

-Pois quite ese loito, porque o seu marido está penando moito por usté, por ese loito. Quite ese loito, que eso é moi malo, e usté está enferma por eso.

E entonces a señora foi quitando algo, poñendo unha blusa gris, ou cunhas florcitas, e tal, e foi ela millorando, criou os seus fillos, e despois aínda se marchou a Suíza a ganar cartiños para ir casando os fillos, e os fillos viven, pero ela, non, non vive xa, morreu. E díxome ela:

-Seguro que esa señora, eu creo que era a Virgen, porque eu unha señora tan guapa nunca a vin e tan, que tanto me dixo aquelas palabras tan lindas....

Así que...

Lendas de ánimas e agoiros

- Peiteada da fonte por Nélida Río Vázquez, Oza dos Ríos

Unha nena... de nove anos que... que lle morreu a... a súa nai. Entonces quedou co seu pai e entonces, cando viña da fonte, viña toda peinadiña, toda, toda... guapa, e dicíalle o pai:

-Lo quen te peinou?

-Unha señora moi guapa, pero... non sei quen era... que non dicía nada, nada máis que me peinaba...

E... viña ca selliña na cabeza... e viña todos os días peinadiña, e entonces dicían que era a nai, que era a súa nai.

- Para cumprir a promesa dunha defunta por Nélida Río Vázquez, Oza dos Ríos

Pois a min contoume unha señora que foi de Santa Mariña do Monte, e veu vivir a Santa Cecilia, e entonces, me dixo que, que unha tía dela que... que tiña unha promesa ofrecida... de ir a San Andrés e... e dar alí unha limosna, e tal. Pero a señora morreu antes de ir a San

Andrés, e entonces iba ela no seu, tal, pero non cerraba a porta do coche. Entonces o condutor dixo:

-Aquí vai alguén facer unha promesa por alguén?

-Si, pero non sei o que pasa.

Entonces dixo:

-Báixese para baixo e chame a súa tía como se fora con usted.

Entonces chamábaa:

-Tía vamos, vamos para San Andrés... e vamos oír unha misiña e... tal.

E así foi, fomos alá e, despois, cando acabou a misa, fomos alí a merendar o que levaba, repartino con ela, como se estivera ela presente, e o trozo dela gardeino, tróuxeno para a casa e...

E parécelle que, que eso que foi ben, pero tamén me contou outra cousa, que non era ese mesmo...

- A compañía por Ferrol por Amelia Serantes, A Graña-Ferrol

Meu pai naceu na Graña, e tiña un amigo e iban xuntos a todas partes. E entonces, hai unha calle na Graña, que lle chaman a calle dos Mortos, e na mitá da calle había un salón de baile, e iban alí ao baile, os mozos e as mozas. E... unha vez, saíndo do baile, non había ninguén na calle e daquela as calles non estaban asfaltadas e... eran pedra todo. E baixaban polo medio da calle e entonces, nunha destas... meu pai empuxouno o amigo, según meu pai. Chamábase Manolo, o amigo, e díxolle:

-Manolo, que fas empuxándome? Parece que bebiste...

Anduveron uns cantos pasos e volveu a mesma acción,

empuxou o amigo a meu pai e tirouno á cuneta. Pero resultou que meu pai miraba e dicía:

-Pero Lolo?

-Pero eu non fun!

E así seis ou sete veces, e despois dixo:

-Bueno, pois vou pola cuneta...

Pero non era Manolo, era a Santa Compañía. Pasoulle a meu pai, verídico ademais.

- Ruídos no faiado por Amelia Serantes, A Graña-Ferrol

Cando morreu seu pai, sentiu un ruído moi grande no, no faiado. Así como se houbese... así golpes de paxaros e cousas destas. E ao outro día, seu pai morreu, e ela é cando se dá conta que fora un aviso. Pasou, pasou o tempo e... unha amiga dela, que tiña en Madrí... eran moi amigas. Resulta que a ela de noite deulle por levantarse, dixo:

-Non sei, eu... deume por levantarme.

E resulta de que viu unha muller, toda vestida de blanco. E dixo:

-Jesús! Que é eso?!

Pero non lle deu importancia, e aos poucos días recibiu unha carta de que morrera a amiga.

Noutra ocasión morreulle un sobriño, e ela de noite tamén se levantou e asomouse a unha ventá... porque, asomouse a unha ventá, non sabe por que, pero viu ao lonxe os focos dun camión, e ela viu que era un camión. Foi para a cama, pero non, vaia, non lle deu importancia... Ao outro día morreulle o sobriño, que tiña catorce anos. E entón ela díxolle a unha amiga:

-Pasa por alí e mira se hai marcas de rodas de camiión...

E non había ningunha marca, non había ningunha marca, por máis que miraron.

Ela, cada vez que lle morría un ser querido, o faiado era, o faiado, o faiado, e é verídico, non é falso.

Lendas de mouros, encantos e galiñas de ouro

- A lenda da pena Molexa por M^a Iglesias Díaz e M^a J. Suárez Santalla, O Val-Narón

En Vilasuso, apareceu a pena Molexa. Había unha galiña, nas... nas penas que había... conchada de, de pitos. Pero non se podían coller... todo, todo era escapar. Despois, ás doce da noite, aparecía, nesa pena, que é moi alta... vestida dunha muller, dun home, unha leyenda desas... que se aparecía na noite de San Xoán e quen a vía podía pedirlle un desexo.

- A lenda da pena Lopesa, por María Josefa Suárez Santalla, O Val-Narón

Na praia de Campelo hai unha esquina que lle chaman Lopesa. Entón dicían... hai que pasar o mar en mareas baixas, para subir á Lopesa. Dicían que alí que vivían os moros. Alí aparecen tellas, aparecen trozos de platos e tal... Pero entonces, para despistaren os que estaban dentro aos que viñan de fóra, cando estaban dentro poñíanlles os pés, as ferraduras aos cabalos ao revés, para significar que salían pa fóra, e estaban dentro, e cando salían pa fóra, poñíanlles as ferraduras ao dereito aos cabalos, para pasar para dentro, entonces nunca collían os de fóra aos de dentro. Por eso foi que ganaron, quedou

22
23



Pena Molexa



LEN
DAS

María Josefa Suárez e María Iglesias na pena Loposa

esa islota aí, como tradición de que esa xente viviu aí e foi explotada e explorada, esa xente que estaba dentro polos que estaban fóra, pero nunca foron capaces a collelos. O sea que cando se viron desengaños que non podían entrar, entónces a Lopesa quedou tranquila e nadie máis volveu a molestar nin a facer nada.

Lenda humorística

- Valor de día por José Rodeiro

Había un señor moi, moi medoso, que se chamaba Benigno. E tiña medo de salir de noite. Un día iba para a casa, indo por un carreiro moi estreito, enganhou unha silva, un toxo deses, nunha perna. Quedou tan, tan asustado, que non se moveu de alí en toda a noite. Pola mañá, cando veu o día, colleu a, a foz, e dixo:

-Se foras un home faciache igual!

LEN
DAS

26
27

CONTOS

Son o outro tipo fundamental da narración oral tradicional en prosa. A diferenza das lendas, nos contos os feitos sonnos presentados como ficticios. Sentimos non poder publicar máis exemplos de contos pois o xénero é moito máis variado do que aquí se representa. Fáltannos por exemplo contos maravillosos ou contos de animais pero esperamos poder chegar a eles máis adiante.

CON
TOS

Os escasos exemplos que puidemos recoller si representan dous dos subtipos máis comúns: os contos de cregos e os contos de matrimonios. Ambos os colectivos son albo habitual do escarnio e da creatividade popular tradicional, moi amiga de recorrer ao erotismo como materia humorística.

Finalmente, malia non cumpriren estritamente os requisitos que definen o conto tradicional, incluimos tamén aquí algúns exemplos de narracións de anécdotas persoais ou sobre persoas coñecidas que, pola graza propia do que se conta e de quen o conta, consideramos que habíamos de divulgar.

Contos de cregos e sancristáns

- O crego tratante por Antonio López López, Doso-Narón

Isto foi nun lugar entre Arzúa e Melide. Había un matrimonio cun fillo e un día foron o pai e mais o cativo comprar unha vaca. O pai mirouna e apalpouna a ver se tiña algún vulto. Cando viñan polo camiño preguntoulle o cativo ao pai por que apalpara tanto a vaca. O pai contestoulle que hai que miralas ben por se teñen algún vulto. Viñeron vindo para a casa.

Outro día o pai foi para a leira sachar o millo e nestas chega o crego á casa e ponse a apalpar á muller. O cativo ve iso, sae da casa e ponse a berrar polo pai. O pai contéstalle e pregúntalle que quere. O cativo respóndelle que veña para a casa que o señor crego quere comprar á mamá.

28
29

- A astucia do sancristán por María Josefa Suárez Santalla, O Val-Narón

O cura tiña unha criada que era moi guapa e o sancristán quería conquistar, pero ela non lle facía caso. Entonces o sancristán foi para a igrexa á hora do rosario, que era cando ela iba, e púxose detrás dun santo e díxolle:

-María, estás condenada.

Entonces ela dixo:

-Por que, mi Dios?

-Porque no haces el amor con Ambrosio.

-No lo hago, Señor, porque el no me lo pidió.

Entonces, foise pá casa e ela empezou a andar atrás de Ambrosio. Ambrosio conseguiu o que quería, pero ela



CON
TOS

Romaría da O en Pedroso
Fonte: Arquivo Histórico de Fotografías do Concello de Narón

despois que probou quería todos os días. Entoncez volveu para o... dixo:

-Non, eu, esto non pode ser... porque acaba comigo, non, non pode ser.

Foi pa detrás do santo, cando ela estaba rezando o rosario, e díxolle:

-María, estás condenada.

-Y por que, mi Dios?

-Porque hiciste el amor con Ambrosio.

-Mi Dios, usted me lo pidió.

-Una vez, pero no dos.

- A gaita do defunto por María Iglesias Díaz, O Val-Narón

30
31

Era un matrimonio e tiñan... el tiña unha gaita, e sempre lle tocaba a gaita e divertíanse moito os fillos e mais a muller. E entoncez díxolle el:

-Cando morra bótasme a gaita comigo, dentro da caixa, aí no medio das pernas.

E morreu, claro. Entoncez ela... choraba por el:

-Ai, Antoniño, Antoniño, canto nos temos divertido co que levas no medio das pernas... E agora con quen me hei de divertir... E dixo o cura:

-Eu, eu, eu....

- Faltábanlle os ollos por María Josefa Suárez Santalla, O Val-Narón

Un home tivo que marchar, para traballar, e deixaba a muller embarazada... e era moi guapa... e bueno, foi o cura un día e díxolle:

-E que tal estás?

-Bueno, vou tirando.

Pero como era tan guapa, a el pedíalle algo máis que preguntarlle como era de guapa. Entón foi outro día e díxolle:

-E... mira, como estás?

-Dentro do que cabe, ben. Quedei embarazada e...

-Ai muller, pois mal! O teu home non o soupo... o pequeno vai salir sin ollos, hai que facerlle os ollos.

-Ai, Jesús! No me diga eso!

-Si, pero non te preocupes, que os ollos fágochellos eu.

E entonces claro, e fíxolle os ollos....

Cando veu o home:

-Que tal?

-Ben, home...

Ela xa tiña o pequeno, claro.

-Ai, temos un pequeno moi guapo...

-Si, pero... gracias ao cura que lle fixo os ollos, que ti fúcheste e non llos fixeches.

- O crego cazador por María Josefa Suárez Santalla, O Val-Narón

O cura era cazador, gustáballe moito ir á caza. Entonces, antes de salir para a caza, dixo:

-Bueno, como hoxe teña suerte, heille de dar unha lebre ás ánimas benditas.

Entón saleu para a caza, saleulle unha lebre, matouna. Foi andando, saleulle outra, matouna... así hasta cinco.



Participantes da Asociación Cultural A Areosa de Piñeiros

32
33

Cando tuvo cinco, dixo:

-Bah, non sigo, vou para a casa.

E entonces colleu para a casa pero, antes de chegar á casa saliulle outra lebre correndo, e disparoulle, e non lle dou, e dixo el:

-Aí vai a das ánimas benditas!

Chistes de matrimonios

- Limpeza de oídos por Ubaldina Orjales, Ortigueira

Pois era un señor que foi ao médico porque a, a señora non o encontraba ben e o médico preguntoulle:

-E usted que lle pasa?

-Eu veño para que me mire os oídos, que non oio ben.

E miroulle os oídos, e limpoullos e díxolle:

-A ver, canto lle debo?

-Son vinte pesos.

E cando chegou á casa díxolle a muller:

-A ver, home, canto che cobrou?

-Cobroume vinte pesos.

-Ai, Dios mío! Gracias a Dios que non che veu os pés, se non, non nos chega canto temos!

Anécdotas persoais

- A madriña por María del Carmen Castro, San Sadurniño

Pois mira, cando era pequena, que tiña once anos, pois resulta que me mandaron, na casa dixeron que tiña que ir bautizar un... un neno. Entonces, eu nunca había visto un recién. E pasados así unhos días, leváronme a ver así o recién, como son todos os recienes, que... que están así moi, moi caída a cabeza... eu non collín o recién. Pero eu vin que o pequeno, que ao collelo, que se lle iban os brazos, que se iba a cabeza e aquilo deixoume moi preocupada, moi preocupada.

Entonces, chegado o día do bautizo, estaba arreglando, preparando, arreglando para ir bautizar e... e dígolle a unha hermana miña que me estaba atando un lazo no, no vestido, digo:

-Mira, empeñástevos en que o tiña que ir bautizar, e vouno ir bautizar, pero se lle cae a cabeza ou lle cae un brazo, a min non me botedes a culpa!

- A santa compañía por María Jesús Alvariño, Neda

Pois o día de... que morreu miña abuela, no mortuorio, había un veciño que tiña moito medo e entonces os, os amigos pois xa doutras veces xa o sabían, e empezaron a falar no mortuorio da santa compañía. E el xa empezou a, a temblar. E éralle hora de ir para a casa:

-Vámonos.

-No, espera un pouco.

-Vámonos.

-No, espera un pouco.

Entre todos, que lle fixeron?! Un deles foise diante, foi á casa, buscou unha sábana e meteuse no medio do maínzo e meteu unha sábana branca por encima. Cando este estaba preparado, os outros saliron e fóronse para a casa. Iban un monton deles. E cando chegaron á altura do maínzo o outro sale coa sábana e el mi madre!

Unhos correron para aquí, outros correron para alá. E, e bueno, el chegou á casa perdidíño. E despois ao outro día todo foi un comentario:

-Ai, no enterro de... no, no mortuorio de Francisca saleu a santa compañía, saleu do medio do maínzo. O que era foi a broma que lle gastaron ao, ao paisano.

- Roubando na froita por Mónica Díaz, Ferrol

[...] fachendeaba de que ninguén lle ía roubar a fruta porque a súa horta estaba pegada ao cementerio, entonces a única forma de entrar na horta era pasando no cemen... a través do cementerio e ninguén se atrevía a pasar. Entón, un home... un, un rapaz daquela dixo:

-Ai, si! Pois espera, fachendea que agora vou eu.

E foi con dous amigos. Dixo que pasara un medo impresionante. Entón foi polo cementerio, saltou a valla e roubáronlle tres sacos de peras. E cando volveron, viunos un home e estaba ao día seguinte, di que saíu correndo para a casa, e ao día seguinte contou que, que vira o día anterior salir tres mortos do cementerio con... cos sacos.

CON
TOS

36
37

POESÍA POPULAR

Romances

Os romances son composicións en verso de carácter narrativo e dialogado en parte. Os tres exemplos de romances que presentamos aquí son do tipo que se denomina cabaleiresco que, como é habitual, están en lingua castelá. Os temas son tamén os habituais: amantes que deben superar dramáticas separacións, familiares ou outros seres queridos que caen en mans do inimigo...

POE
SÍA

- A filla do rei lévana cautiva por María Iglesias Díaz, O Val-Narón

Ay de los campos, campos, ay de la flor de la oliva,
la hija del rey la llevan cautiva.
La llevan robada camino de Turquía.
Dijo la más joven que no la quería
y la pusieron a lavar en una fuente fría.
Le daban pan por peso y baja por medida
Vino por allí un caballero: -Apártate moura, hija de judía,
deja beber mi caballo en esa fuente fría.
-Reviente el caballo que yo no soy moura ni hija de judía,

38
39



Juana Corbacho, da Areosa de Piñeiros, cantando un romance

yo soy un hija de un caballero que hay siete años que
aquí me tienen cautiva.

-Si quieres venir conmigo de tierra de mouros yo te quitaría.

Y marcharon [...]

Llegando al desierto, el desierto más grande.

La niña lloraba que más no podía.

-¿Por qué lloras, vida? ¿Por qué lloras, santa?

-Porque veo los palacios donde fui nacida.

-Pues por lo que me dices eres hermana mía.

-Abra las puertas mi madre y ábralas con alegría.

Que lle iba buscar a sua nora e tráigolle a sua filla.

Para ser mi hija viene moi descolorida.

Como no he de vir mi madre se vengo de Turquía.

Llévala a la sala a ver se conocía,

todo lo que vía todo regía:

-Ai, miña saíña de Holanda, deixeite nova e encóntrote
rompida.

-Cala, miña filliña, cala; que quen cha rompeu, outra
che dará.

POE
SÍA

- O conde de Miguel de Prado por María Iglesias Díaz, O
Val-Narón

Presito lo llevan preso, al conde de Miguel Prado.

No es de muerte que hiciera ni delito que causara,
que es por engañar una niña en el camino de Santiago.

Siendo ella hija del rey, sobrina del Padre Santo.

Estando el rey nel palacio jugando a las cartas con don
Bernardo.

Don Bernardo aquí jugando su primo lo están ahorcando.

Cogió las cartas en mano y al rey las he tirado.

-Poco, poco, don Bernardo, que en la corona me has dado.

-No se me da por el rey ni en la corona.

Yo soy un mozo soltero, libre, desembarazado.

Vinte pasos de escaleras las soltó de claro en claro.
Sin poner el pie en el estribo es montado en su caballo.
Las calles por donde él iba quedaban todas temblando.
Llegó al pie del horco ya le estaban padricando.
Pegó una patada al horco despuesto en mil pedazos,
pegó un sabrazo al verdugo levantó el pescozo en bajo.
Terma mi primo esta espada y rígela con gran cuidado,
que ninguno de mi sangre tiene de morir ahorcado.

● O conde Flores por María Iglesias Díaz, O Val-Narón

-Cuando el duque te quiera hija débeste de casar.
-Dentro de mi corazón tengo carta del conde Flores,
que no se haya muerto [...]
-¿Me da el permiso mi padre para irlo a buscar?
-El permiso tienes hija además mi bendición.
Se encierra en su habitación [...]
Sacó zapato de raso lo puso de cordován
y puso un abrigo verde que valía un dineral
e enriba deso todo colleu un hábito de saián.
Anduvo sete reinados y al buen conde no fue a encontrar.
Ya viña la romerita cansadita sin poder andar.
En un alto había un castillo y dijo:
-Si aquel castillo es de moros, allí me cautivarán,
Pero si es de buenos cristianos allí me remediarán.
Bajando por un pinar con gran vacada fue a encontrar,
todas de un mismo señal [...]
-Vaquerito, vaquerito, ¿de quién llevas tantas vacas?
-De mi amo conde Flores mañana se va a casar,
ya están las gallinas muertas y amasando el pan
y la gente de lejos por el camino llegando va.
-Vaquerito, vaquerito, por la Santísima Trinidad,
¿por el camino más corto no me has de llevar allá?
Por el medio del camino con el gran conde fue a encontrar.

-No darás unha limosna su [...]
 Metió la mano al bolsillo un real de plata lle da.
 -¡Tan gran caballero que poca limosna es un real!
 -Pida usted, romerita lo que pida se dará.
 -Pido el anillo de oro que en tu dedo chico está.
 Se abrió de abajo arriba y dijo:
 -¿Conde, conoces, mira se conocerás?
 No ves el abrigo verde que me distes al [...]
 El conde en oyendo esto, ya cayó él para atrás.
 Ni con agua ni con vino, no se pudo recobrar,
 non sendo por palabras dulces que la romera le daba.
 Luego bajó la novia de un alto ventanal:
 -Que poca maña das conde, ¿no la podrás olvidar?
 Tendrás una buena moza que pronto la vas a casar.
 Maldita la romerita y quien la trajo por acá.
 -No me la maldiga nadie que es mi mujer natural
 y a mi tierra voy con ella [...]
 Quédese con Dios la novia vestidita sen casar.

POE
 SÍA

Parrafeos e outros cantos dialogados

Os parrafeos son composicións construídas cunha sucesión de coplas nas que se dá un diálogo entre unha moza e un mozo que pretende o seu amor. Outra personaxe habitual é a nai da rapaza que aparece para se interpor dalgún xeito entre ambos. O ton humorístico é común nestas pezas.

O último exemplo desta sección é unha peza dialogada dun carácter moito máis tristeiro. Trátase dun texto castelán que usa unha forma estrófica habitual desa tradición, aínda que en realidade sábese que é unha composición con autor coñecido.

- Xan Guindán por Otilia Bello, San Sadurniño

Xan Guindán quere casar,
non ten a muller buscada;
querlle facer o amor
á filla da tía Xoana.

-Boas noites, tía Xoana,
onde lle vai a rapaza?

-Vaime no gas para a noite,
xa me parece que tarda.

Logo chega a rapaza,
pola porta entrou para dentro.

-Boas noites, Xan Guindán,
tráíote no pensamento.

42
43

-Ti diralo de risas
pero eu dígocho de veras,
que xa hai un anaco
que estou quentando as canelas.

- Boas tardes, Maruxiña por María Josefa Suárez Santalla,
O Val-Narón

-Boas tardes, Maruxiña,
hoxe véñote pedir;
polo moito que che quero
sin ti non poido vivir.

-Acolá vén miña nai,
está metendo no gado;
fálalle con moito xeito
que ten un xenio mui malo.

-Boas tardes, miña sogra,

véñolle pedir a filla;
se ma dá, séntome un pouco,
se non, voume máis axiña.

-A miña filla, Farruco,
é mui nova para casar,
solo ten corenta anos
e pódese destragar.

-Alabado sea Dios,
o que dixo miña sogra,
que vai destragar a filla,
se non ten dente nin moa.

- Luz eterna por María Josefa Suárez Santalla, O Val-Narón

-Ay, que noite tan linda, cuantas estrelas!
Ábreme la ventana que quiero verlas.

POE
SÍA

-No hijita mía, no, que estás malita,
el rocío de la noche te perjudica.

-Madre cierra la puerta, vén para mi lado,
antes de morirme quiero darte un recado:

-Si viene Juan a verme después de muerta,
non dejes que pase de aquella puerta.

-Ay, si pasara; ay, si pasara, no le dejes que viera mi
linda cara.

Todas vienen a verme menos Dolores
ya pondrá en mi caja cintas y flores, cintas y flores
Todas vienen a verme menos Dolores.

Cantos de Nadal

Baixo esta denominación recóllese unha tipoloxía variada de poemas cuxa diferenciación fundamental máis ca na forma ou no contido radica na finalidade e no momento do Nadal en que eran interpretados. Así, hai aguinaldos, maitines, reis...

Tivemos bastantes dúbidas de que o primeiro dos exemplos que recollemos aquí fose realmente de orixe tradicional. Logo dunhas breves pescudas chegamos a saber que tras dela estaba a man do crego e músico Manuel Pérez Fanego. Supostamente o seu labor consistiría en adaptar letras e melodías recollidas do pobo pero, sexa isto certo ou non, parece indubidable que hoxe, na comarca ferrolterra, este poemiña musicado está asumido e é percibido polas persoas que o cantan como efectivamente de carácter popular tradicional.

44
45

- Meu pequeniño, miña monada por Carme García, Ferrol

Meu pequeniño, miña monada,
meu pequeniño deitado nas pallas;
por veces chora, por veces cala;
a Virxe María o acurrucaba.

- Vide, vide, rapaciños por Henedina Romero Muíño, Sedes-Narón

Vide, vide, rapaciños,
vide, vide ver o neno,
envolto nuns carpaciños,
nun portaliño pequeno,
nun portaliño pequeno.



POE
SÍA

Reis Magos
Fonte: Arquivo Histórico de Fotografías do Concello de Narón

En Belén tocan a fogo,
do portal salen as chamas,
era o neno de María
que saleu das súas entrañas.
Era o neno de María
que saleu das súas entrañas.

- Camiño de Belén por María Iglesias Díaz, O Val-Narón

[...] con una gran alegría
Caminando va José caminando va María.
Tanto caminan de noite, como caminan de día,
caminan para Belén para llegaren con día.
Quando a Belén llegaron toda la gente dormía,
non sendo un probe portero que estaba de portería.
-Abra las puertas portero a José y a María
-Estas portas non se abren hasta que Dios dea el día.
Allá por la media noche parió la Virgen María
tanta era su riqueza que ni pañales tenía.
[...]

46
47

Arrolos

Arrolos ou cantos de arrolar son os poemiñas concibidos para axudar na tarefa de adormecer as crianzas. Na realidade, moitas veces non se trata de versos especificamente creados para este cometido, senón que se pode adaptar calquera copla e simplemente darlle unha melodía e un ritmo acordes co movemento físico do arrolo.

- Este pequeno que teño no colo por Carme García, Ferrol

Este pequeno que teño no colo
é dun amor que lle chaman Manolo.

Este pequeno que teño no lado
é dun amor que lle chaman Ricardo.
Ai, la, la, la, la!

Rimas e xogos infantís

Os tipos son moito máis variados do que os exemplos que aparecen aquí. Na realidade trátase dun apartado heterodoxo no que pretendiamos recoller diferentes tipos de composicións relacionados co ámbito da infancia, ben fose desde o espazo da instrución dos adultos ou desde o puro lecer da propia rapazada. No segundo dos exemplos o que temos é unha rima de carácter máxico ou relixioso, que acaba asociada ao ámbito do lecer pola súa contextualización na festividade de San Xoán.

- Padre nuestro que aí vén o maestro por Carme García, Ferrol

POE
SÍA

Padre Nuestro,
que aí vén o maestro,
co pau levantado
para darlle aos pequenos
maleducados.

- Luminaria de San Juan por María Jesús Alvariño, Neda

Salta luminaria de San Juan
que non che trabe cadela nin can.

Coplas

A copla é a forma compositiva por excelencia do cancionero popular. De feito, as estrofas dalgúns outros

tipos de poemas populares máis longos teñen a forma da copla. Habitualmente as coplas constan de catro versos de oito sílabas, con rima asoante nos versos segundo e cuarto. Non sempre é así, como imos ver, pois a heteroxeneidade formal é unha característica esencial da oralidade.

- Por Otilia Bello, San Sadurniño

Unha nena nunha fonte
por unha verza bebía
a verza estaba rachada
toda a auga lle vertía.

A flor do toxo verde
é moi mala de arrincar
e os primeiros amores
son moi malos de olvidar.

Carmiña, Carmela, que pena me das,
na illa de Cuba morreuche o rapaz;
morreu, morreu, deixalo morrer;
para ti Carmela rapaz ha de haber.

Eu quería-me casare,
miña mai non teño roupa.
Casa miña filla casa,
que unha perna tapa a outra.

Xa fun a Marín,
xa pasei o mar,
xa son mariñeiro,
xa sei navegar.

Santa Bárbara bendita,
que no ceo está escrito,

garda o pan e o viño,
libra a xente do perigo.

Paxariño voador
que andas pola flor do toxo
enganando as nenas do pelo roxo.

- Por Mario Leirachá Edreira, O Val-Narón

Eu ben vin estar o cuco
encima da pantalla,
así como foi mentira
tamén pode ser verdá.

Teño un niño dun carrizo
na cabeza dun repolo,
deron as nenas con el
e levaron repolo e todo.

POE
SÍA

- Por Manuel García Aneiros, Valdoviño

Unha vella díxolle a outra
polo furado da porta,
ti goberna a túa vida,
que a miña nada che importa.

- Por José Rodeiro

A aquela vella
que vai polo muro
témlalle o cu
coma un figo maduro.

- Obradoiro da memoria do centro Manuela López Sequeiros

Miña nai e mais a túa
quedan no río berrando.



Participantes do centro Manuela López Sequeiros

50
51

Miña nai e mais a túa
quedan no río berrando.
Por culpa dunha galiña
que ten amores cun galo.

Ven bailar Carmiña, Carmiña, Carmela,
co zapato baixo e medias de seda
e medias de seda e media calada,
ven bailar Carmiña, miña enamorada.

Carmiña ten boas pernas
que llas vin ao redore,
non vin pernas coma elas
na filla dun labradore.

Ven bailar Carmiña, Carmiña, Carmela,
co zapato baixo e medias de seda

e medias de seda e media calada,
ven bailar Carmiña, miña enamorada.

● Por Henedina Romero Sedes-Narón

O cura está enfermo,
o cura está enfermo
moi maliño en cama.
Chirimbina, chirimbaina,
moi maliño na cama.

Faime chocolate,
faime chocolate.
Non me dá a gana.
Chirimbina, chirimbaina,
non me dá a gana.

E aos nove meses,
e aos nove meses
pareu a criada.
Chirimbina, chirimbaina,
pareu a criada.

Esta noite fun ao faro,
unha rapaza e mais eu,
ela non sabía nada,
todo o traballo foi meu.

Se ti viras o que eu vin
o outro día na Malata,
unha espiga de maízo
a piñas cunha pataca

O viño branco é meu primo
e o tinto é meu parente,
non hai festiña no ano
que non veña a xente.

Era o viño, miña nai, era o viño,
era o viño que me emborrachaba.
Era o viño, miña nai, era o viño,
Era o viño mezclado con caña.

Esta nena foi leiteira
moi feliz e moi dichosa,
nacida entre dúas montañas
cerca de Villaviciosa.

O cura cando vai fóra
déixalle dito á criada:
veña tarde, veña cedo,
déitate na miña cama.

O río cando vai cheo
leva carballos e flores,
tamén podía levare
as linguas marmuradoras.

52
53

- Por María Josefa Suárez Santalla, O Val-Narón

Anda ,vella, dáme a filla,
na deixes envellecer,
que non son verzas na horta
que se volvan a coller.

Ai lalala; ai, lalala!
Que non son verzas
que se volvan a coller.

- Por Antonio López López, Doso-Narón

Polo río de Xuvia
baixaba unha gabarra,
eran os de Cerdeiras
que andaban de tallada.

- María Iglesias Díaz, O Val-Narón

María pasou a ponte
cos zapatos de papel.
Tente, María, non caias,
non te arrimes a Manuel.

- Por Teresa Jesús Sabio Rodríguez, Cerdido

Miña nai, miña naiciña!
Miña nai, miña naiciña!
Coma ela non hai ningunha.
Ela deu a súa vida,
ela deu a súa vida
para cuidare a miña.

- Por Catalina García Blanco, Freixeiro-Narón

Canta gordo, canta gordo,
gorxiña de paxariño.
Canta gordo, canta gordo,
que eu cantarei delgadiño,
que eu cantarei delgadiño.
Ailalelo! Ailalala!

Hoxe é día do meu santo,
día de San Manoel,
día de poñer as rosas
darredor do caravel,
darredor do caravel.
Ailalelo! Ailalalo!

Fun, fun e peteiche na porta,
non me quixeches abrir.
Ao pasar pola ribada
[...]

Oracións

- Oración do Galocribo por informante de Pedroso-Narón

Sete ángeles van comigo,
sete candiles acesos,
sete campanas tanxendo,
encoméndame, Jesús,
a la verdadera cruz
as tres misas de Nadal
e o cirio pascual.
A pasión de Ramos
arrenegha a los diabros.
Arrenéghame. Satanás,
que non me tentarás
por diante nin por detrás.

54
55

Adiviñas

- Por Eva Iglesias Iglesias, Lugo
 1. Cen e cen e cen fillos ten
e a todos con leite mantén.
- Por Elena Carballido, de Xermade
 2. Boca por diante,
ollos por detrás,
se non o adiviñas,
burro serás.
 3. De verde me plantaron,
de seca me colleron,
cando me estaban cortando,
por min estaban chorando.

4. Unha señora
moi aseñorada
chea de remendos
sen unha puntada.

- Grupos dos obradoiros de memoria de Castro

5. Quérenme na guerra,
o meu nome é de capital
e se me pos na mesa,
seguro que che gustará.

6. Estudante que estudias
gramática e teoloxía
dime que ave é
a que non ten peitos e cría
e aos vivos dá sustento
e aos mortos alegría.

7. Alta estou,
alta me teño,
por unha risada
perdín o que teño.

8. Peluda por fóra,
peluda por dentro,
recacha a perna
e métea dentro.

- Por Celia Niebla Niebla, Ferrol

9. Detrás dun coto
hai un boi xoto
que non hai home nacido nin por nacer
que na corte o poida meter.

- Por Hortensia Dopico Rubio, O Val-Narón

10. Catro corre montes,
catro corre fontes,
dous lurelulú
e un dálle dálle.

- Por Manuela Meizoso, Espiñaredo-As Pontes

11. Choco me chamo,
late o meu corazón,
o que non adiviñe o meu nome
é un burricón.

- Grupo de terceira idade, Pedroso

12. Vámonos para a cama
facer o que Dios manda,
xuntamos pelo con pelo
e o cousiño no medio.
Que é?

13. Subo encima de ti.
Agárrote, agárrasme.
Menéote, menéasme
Eu levo o gusto
e ti quedas co leite.
Que é?

14. Chorín, chorín, choraba
darredor dunha torre andaba.
Cando a torre caía
chorín, chorín calaba.

Solucións ás adiviñas

1 A figueira

2 As tesoiras

3 A cebola

4 A galiña

5 A granada

6 A abella

7 A castaña

8 As medias

9 O sol

10 A vaca

11 O chocolate

12 O ollo

13 A figueira

14 A porca amamantando os porquiños

58
59

REFRÁNS E EXPRESIÓNS

- Por Elena Carballido, Xermade

Marzo, marzán, pola mañá cara de rosa e á tarde cara de can.

- Por María do Carmen Carro, Oza dos Ríos

RE
FRÁNS

Marzo, marzolo, trebón e raiolo.

O xeito fai culleres.

Cando as barbas do veciño vexas cortar, pon as túas a remollar.

En maio aínda a vella queima o tallo.

En agosto corre o sol coma o lóstrego.

A muller e a sardiña pola máis pequeniña.

No mes de San Xoán, tanto queixo coma pan.

Os martes non cortes nin plantas, nin a túa filla cases.

- Por Carmen Rodríguez, Neda

Martes, nin te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.

A auga corre sempre para o máis baixo.

A auga de correr, os cas de ladrar e a xente de falar non se pode privar.

A cana engana, o dente mente e a arruga non ofrece duda.

A conciencia vai coa comenencia.

A primeira muller, vasoira; a segunda, señora.

Abre o porco, verás o teu corpo.

Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.

Chova en abril e maio e non chova en todo o ano.

Día de Antroido e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.

Entre parentes non metas os dentes.

Lúa nova tronada, trinta días mollada.

Lúa nova e lúa vella, baixamar ás oito e meia.

As medias só son boas para as pernas.

Auga en maio, pan todo o ano.

Auga en agosto, nin bo nabo nin bo magosto.

Para dicir mentiras e comer pescado, hai que ter

moito coidado.

Na lúa de febreiro farás o teu sementeiro.

O que non responde é parente dos xordos.

Quen non ten que facer, seus nabos sacha antes de nacer.

Boas son as mangas despois de Pascua.

- Grupo dos obradoiros de memoria de Doso

Muller enferma, muller eterna.

Muller queixadeira, muller duradeira.

En San Xoán, a sardiña molla o pan.

Grupo dos obradoiros de memoria de Freixeiro

Por Santa Mariña, deixa o sacho e colle a fouciña.

Por San Miguel, colle a vara e o caravel.

Xente cativa nunca morre.

Cando hai fame boas son tortas.

Quen sementa ventos, recolle tempestades.

O que de novo non traballa, de vello dorme na palla.

- Grupo dos obradoiros de memoria de Sedes

En martes, nin te cases nin te embarques, nin da túa xente te apartes.

En martes. nin te cases nin te embarques, nin podes a viña nin a túa roupa talles.

Dáme un toma e dous che darei.

Carnavais ao tizón, pascuas ao sol.

Carnavais ao sol, pascuas ao tizón.

Auga de marzo e polvo de abril, fai tocar as huchas coma un tamboril.

- Grupo dos obradoiros de memoria de Piñeiros

Auga de San Xoán, quita o viño e non dá pan.

O bo pano na arca se vende.

Cabalo grande, ande ou non ande.

- Por Manuel García Aneiros, Valdoviño

Díxolle o pote ao caldeiro: aparta de aí que me manchas.

- Por Isabel Campo Roca, Guitiriz

Canto máis frío, menos roupa.

Arre, besta, sácame desta.

O gato escaldado á auga fría ten medo.

- Por Otilia Bello, San Sadurniño

Non te rías do veciño que a túa vén polo camiño.

RE
FRANS

64
65

CRENZAS E COSTUMES

- As pegas portadoras de novas por Manuela Meizoso, Espiñaredo-As Pontes

Dicían que cando... unha familia estaba esperando, por exemplo unha carta... Unha carta da familia que estaba no estranxeiro ou nalgunha parte, pois que viña a pega a... a picotear cerca e a, e a cantaruxar cerca da familia, e entónces a familia dicía... pois que si, hai que ir ao correo a preguntar porque hai... veu a pega pintorrear aí e seguro que hai unha carta no correo. E efectivamente, iban a buscar... iban ao correo e había carta da familia, unha correspondencia.

CREN
ZAS

- Alimentos vetados para as embarazadas

Cando me casei, fun a vivir á casa de meus sogros e... iban plantar ao cambiado, unhos a outros, non? E entónces, díxenlles eu; bueno, pois... plantaba un veciño e díxenlles eu:

-Bueno, pois se queren vou eu...

En vez de que fora miña sogra ou meu sogro, que o meu

marido estaba traballando e, e dixo:

-Bueno, pois se queres ir vai.

E, e eu estaba embarazada. Non o sabía naide, eh! E... e leváronnos a merenda, puxéronnos a merenda e comemos e puxéronnos raia frita, con pan e tal... moi ben. E así que acabamos de comer, di o señor da casa:

-Bueno, se hai por aí algunha preñada, que non coma a raia!

E dixen eu para min, eu non llo dixen a naide eh!
Pero dixen eu para min:

-Ai, pobriña de min!

Pero hasta que naceu o neno non se me foi do pensamento, non llo dixen ao meu marido nin llo dixen na casa a naide, nin na miña familia, non llo contei

66
67



Fonte no Concello de Narón

a naide porque... se fora verdá, cando o neno salira con algún defecto ou algo pois... íballe acoplar aquel... E gracias a Dios o neno saleu mui ben e...

- Adiviñar o futuro por San Xoán por Mónica Díaz, Ferrol

Bueno, pois contábase que a noite de San Xoan debías de deixar na ventana fóra un vaso e romper un ovo dentro e á mañá seguinte a, a clara faciache debuxos na auga. Entón, se che salía un barco é que ibas a, a viaxar. Normalmente era a época da emigración e entón supoño que tería relación con eso. Outra versión di que o que che saía aí no debuxo é a profesión que vai ter o teu futuro marido.

- As fontes e San Xoán por Manuela Meizoso, As Pontes

O día de San Xoán, antes de saír o sol, a xente erguíase para ir á fonte. O primeiro que chegaba á fonte poñía unha flor e tomaba a auga. Diciase que lle daba sorte para todo o ano e, por iso, todos tiñan ansia de madrugar para ver quen chegaba antes. O primeiro que chegara deixaba unha flor alí posta.

CREN
ZAS

- Coplas pícaras despois do traballo por Mónica Díaz

Bueno pois despois de facer os, os traballos do campo ou de axudarse todos nas, nas labores, xuntábanse nunha cabaña e cantaban... cantaban todos. Había xente que iba cantando, xente que ía tocando; e se cantaba esta canción parece ser que como escusa para que os mozos puidéranse... arrimar un pouco, era:

*Pernas para arriba,
pernas para baixo,
pernas para arriba,
as miñas debaixo.*

68
69

Dende a Concellaría de Educación e do Servizo de Normalización Lingüística agradecemoslles a todas as persoas participantes o seu esforzo e traballo para achegarnos parte deste ben cultural do que son depositarias. Moitas grazas:

Centro Manuela Pérez Sequeiros

Manuela Meizoso Caaveiro–As Pontes (Espiñaredo)

Elena Carballido Pena – Xermade (Casás)

Nélida Río Vázquez – Oza dos Ríos

Otilia Bello Ríos – San Sadurniño

Ubalдина Orjales López – Ortigueira

Amelia Serantes Castaño – Ferrol (A Graña)

Amadeo Orosa – Vilalba (Codesido)

Dolores Guizán – Vilalba (Codesido)

Olimpia Tomé Gayoso – Coirós

Antonia Merlán Castro - Fene

Hortensia Carro Varela – Cesuras

María Carmen Rey – Valdoviño (Vilarrube)

María Carmen Carro Varela – Oza dos Ríos

María Carmen Castro Casal – San Sadurniño

Carmen García Gómez – Ferrol

José Rodeiro Allegue – Miño

Manuel Barro Mera – San Sadurniño (Naraío)

Dolores Pérez Pérez – Ferrol (Serantes)

María Jesús Alvariño Ameneiro – Neda

Mónica Díaz Lage – Ferrol

Isabel Campo Freire- Guitiriz (Roca)

Carmen Rodríguez – Neda

Carmen Rodríguez - Curtis

Eva Casal Vega– San Sadurniño

Fundación Terra de Trasancos (O Val)

Mario Leirachá Edreira – Narón (O Val)

María Iglesias Díaz – Narón (O Val)

Manuel García Aneiros – Valdoviño

Antonio López López – Narón (Doso)

Eva Iglesias Iglesias- Lugo
Henedina Romero Muíño – Narón (Sedes)
Hortensia Dopico Rubio – Narón (O Val)
Mercedes Vilariño Díaz – Ferrol
Delfina Pazos Lorenzo – Narón (O Val)
Celia Niebla Niebla – Ferrol
María Josefa Suárez Santalla – Narón (O Val)
José Rodríguez Piñón – Narón (O Val)
América López Yáñez- Narón (O Val)
Amalia García Fernández – Narón (O Val)
Luz María Teijeiro Pérez – Narón (Sedes)
Josefa Arnosí García- Ferrol

Asociación de Veciños da Gándara

María Esther Val Rodríguez – Ferrol
María Jesús Millarengo Sánc - Neda

Asociación Cultural Areosa de Piñeiros

Carmen Pita González – San Sadurniño
Dina Vidal Vidal – Monfero
Juana Corbacho – Moaña
Ofelia Díaz Picos – Narón (Piñeiros)
Isabel Soto Fernández
Mariña Martínez Carballal
Ángeles Pérez Méndez

E moitas grazas ao resto das persoas da Asociación da Terceira Idade de Pedroso; á concelleira de Promoción Social e Igualdade Teresa Jesús Sabio Rodríguez; á concelleira de Acción Social e Participación Cidadá Catalina García Blanco; e ao resto de persoas que colaboraron contándonos diversos contos, anécdotas, adiviñas, vilancicos, romances,...

*Inclúese, xunto cos datos persoais, o lugar de nacemento para identificar a procedencia das persoas informantes.

